

# «O teatro é unha ferramenta marabillosa para aprender un idioma estranxeiro»

O instituto de Cacheiras participa no programa **Comenius** con cinco países europeos

EMMA ARAÚJO *La Voz de Galicia*  
6 de febreiro de 2014



O IES de Cacheiras (Teo) parece que conseguiu un método infalible para aprender idiomas: o teatro. E así o está demostrando coa súa participación no programa educativo Comenius con outros centros de secundaria de Dinamarca, Francia, Bulgaria, España, A Alemaña e Italia.

Todos eles traballan na idea que onte explicaba Purificación Cabido, vicedirectora do instituto e profesora de Francés neste centro dende hai cinco anos, de que as frases aprendidas como personaxe dunha obra teatral non se esquecen nunca. Por iso nos textos deste programa se buscan diálogos «adaptados ao nivel do alumnado e con contidos que este poida aproveitar», explica esta docente.

No marco deste programa, doce alumnos do instituto de Cacheiras viaxaron en maio do 2013 a Marsella. E o pasado día 2 chegaron desde esta cidade gala un grupo de seis estudantes de español con tres profesoras. Todas se integraron na vida diaria do instituto, inda que cun programa especial no que, por suposto, o teatro é o gran protagonista.

Visto todo o traballo, Cabido confirma que «o teatro é unha ferramenta marabillosa para aprender un idioma estranxeiro» xa que, argumenta, o alumnado perde timidez ao expresarse como un personaxe.

A seguinte viaxe de Comenius levará un grupo de escolares de Teo ata a cidade alemá de Hamburgo.